

Artigo 1º

Modifícase o artigo 9.1º da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, e se procede á súa convocatoria, quedando co seguinte teor literal:

«Os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o proxecto presentado e unha vez xustificada a súa realización. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da citada xustificación e a petición de aboamento da axuda será o 1 de novembro de 2009».

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 29 de setembro de 2009, de modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 17.1º da devandita orde establécese que as subvencións concedidas se farán efectivas unha vez que o beneficiario presente a documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009, inclusive.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o devandito precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (código de procedemento IN201G).

O primeiro parágrafo do número 1º do artigo 17 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención, o beneficiario presentará no respectivo departamento territorial ou nos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 5 de decembro de 2009, inclusive. (...)»

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Advertidos erros na antedita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 192, do mércores 30 de

setembro de 2009, é necesario efectuar as seguintes correccións no anexo III:

-Onde aparece a familia profesional «Agr Agraria» debe dicir «Agr Agro-alimentaria».

-Na relacion de accións prioritarias, deben engadirse as seguintes:

Código	Denominación do curso
Agr	Agro-alimentaria
Agr.2	Benestar animal no transporte para condutores e cuidadores de animais
Agr.3	Como xestionar a rastrexabilidade na industria alimentaria
Agr.4	Hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos
Agr.5	Técnico en calidade e seguridade alimentaria
Cal	Calidade e prevención de riscos.
Cal.24	Auditorías de sistemas de xestión de prevención de riscos laborais
Cal.25	Curso de seguridade no manexo de carretas elevadoras
Cal.26	Curso de seguridade no manexo de manipuladores telectópicos
Cal.27	Curso de seguridade no manexo de miniescavadoras
Cal.28	Curso de seguridade no manexo de plataformas elevadoras
Cal.29	Curso superior en sistemas integrados de xestión: calidade, ambiente e prl
Cal.30	Estratexias para unha boa saúde laboral e persoal
Cal.31	Formación inicial en prl (tpm)
Cal.32	Sistemas de xestión da prevención (norma OSHAS 18001:2007)
Com	Comercio, márketing e atención ao cliente
Com.12	Calidade no servizo e atención ao cliente
Com.13	Capacitación para delegados e responsables de vendas
Com.14	Curso de especialización en dirección comercial e márketing
Com.15	Especialista en mercadotecnia para organizacións: industrial, internacional e e-márketing
Com.16	Programa avanzado de comercio internacional
Dir	Dirección, habilidades directivas e outros
Dir.42	Aspectos administrativos da xestión empresarial
Dir.43	Certificacións internacionais de Project management
Dir.44	Curso avanzado para o deseño e xestión da formación na empresa
Dir.45	Curso práctico de I +D. Innovación
Dir.46	Curso práctico de xestión de proxectos
Dir.47	Dirección e xestión de equipos de traballo
Dir.48	Dirección empresarial I. Executive mba
Dir.49	Dirección empresarial II. Executive mba
Dir.50	Experto en comunicación interna
Dir.51	Team building training
Dir.52	Técnicas de negociación
Dir.53	Xestión da innovación para a mellora da competitividade empresarial
Dir.54	Xestión e control da análise de perigos e puntos de control críticos
Ele	Electricidade e electrónica, instalación e mantemento, e fabricación mecánica
Ele.35	Climatización
Ele.36	Mantemento electromecánico avanzado
Ele.37	Segundo ciclo de formación tarxeta profesional do metal: fontanaría
Ele.38	Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva
Ene	Enerxía e auga
Ene.4	Enerxía solar fotovoltaica
Ene.5	Xeotermia e biomasa
Fin	Finanzas e control de xestión
Fin.6	Curso de especialización en dirección financeira e control de xestión
Inf	Informática, novas tecnoloxías e aplicacións de xestión
Inf.68	Análise e tratamento de datos con Excel
Inf.69	Aplicacións informáticas de xestión administrativa
Inf.70	Arc gis
Inf.71	Autocad 2D
Inf.72	Autocad 3D
Inf.73	Corel draw
Inf.74	Excel: nivel medio
Inf.75	Experto en xestión da seguridade da información

Código	Denominación do curso
Inf.76	Internet empresarial e correo electrónico
Inf.77	Open office writer
Inf.78	Photoshop cs3
Inf.79	Presentacións con Microsoft office
Inf.80	Tratamento de datos con Word
Inf.81	Visual basic
Mei	Madeira, edificación e obra civil, industrias extractivas
Mei.16	Montaxe de estadas apoiadas
Mei.17	Operador de camión guindastre
Mei.18	Operador de ponte guindastre
Mei.19	Realización de traballo en alturas
Rhu	Recursos humanos
Rhu.11	Curso de especialización en dirección de recursos humanos
Seg	Seguridade e medio ambiente
Seg.6	Auditor interno de calidade
Seg.7	Auditor interno de ambiente
Seg.8	Sistemas de xestión da calidade (norma 9001:2008)
Seg.9	Sistemas de xestión de ambiente (norma ISO 14001:2004)
Seg.10	Xestión de residuos industriais
Sss	Servizos socioculturais e sanidade
Sss.35	Dietética e nutrición
Tla	Transportes, loxística e aprovisionamentos
Tla.18	Curso de especialización en dirección de operacións: loxística e produción

Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.

En cumprimento do disposto no artigo 8 da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009), resolvo que se proceda á publicación das subvencións concedidas que se indican no anexo, cun importe total de 599.231 euros, con cargo á aplicación 48.03.324A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Entidades beneficiarias	Contía total da axuda concedida
Unión de Coop. Asociación Galega de Coop. Agrarias Agaca	307.750 €
Unión de Coop. de Traballo Asociado Eixo	56.350 €
Unión Galega de Cooperativas de Vivendas Ugacovi	14.250 €
Federación de Empresas Coop. Sinerxia	48.881 €
Unión de Coop. de Ensino de Traballo Asociado de Galicia	77.800 €
Unión de Coop. de Trabajo Asociado Ugacota	94.200 €